



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE DECEMBRO 2007**



## **1.- Resumo**

### **Mes moi frío e seco en toda Galicia**

O mes de Decembro foi o cuarto mes consecutivo que se pode caracterizar en toda Galicia como de seco ou moi seco, aínda que o déficit de chuvias non foi tan acusado como o fora nos meses anteriores. Canda esta tendencia de pouca chuvia atopamos a tendencia ás baixas temperaturas. O mes pódese cualificar en toda Galicia coma frío ou moi frío, particularmente polas baixas temperaturas rexistradas durante as madrugadas, que trouxeron fortes e persistentes xeadas. Así, o mes comezou nunha situación intermedia, na que o anticiclón, sen chegar a retirarse completamente, permitiu a chegada dalgunhas fronte pouco activas. Así, os días 1,5,7 e 9 foron de chuvias xeneralizadas, aínda que de carácter débil. A partir do día 10 e ata o 18, o anticiclón entrou novamente en Galicia deixando un tempo frío e seco. As noites claras, de baixa humidade e pouco vento deixaron temperaturas por debaixo dos 0°C ata a xornada do 18, cando chegou unha nova fronte fría. A partir do día 20 o predominio foi novamente de tempo anticiclónico, frío e seco, con excepción do paso dunha fronte con actividade moderada durante a tarde do día de Nadal. Outra fronte, de menor actividade que esta última, chegou á costa de Galicia o día 29, deixando un tempo de moita humidade. Esta situación fai que as anomalías de presións sobre a península Ibérica e o resto de Europa sexan positivas, tanto en superficie como en altura, deixando unha presión superior á normal neste mes.

**Temperatura:** O mes foi en xeral moi frío en toda Galicia, debido principalmente ás temperaturas nocturnas rexistradas durante as situacións anticiclónicas que predominaron a partir do día 10. Estas xeadas acadaron incluso o litoral, pero foron as zonas do interior onde máis se sufriron. Así por exemplo, Lugo capital rexistrou 12 xornadas con temperaturas baixo cero.

**Chuvia:** O mes de Decembro presentou novamente un déficit hídrico, aínda que non tan marcado como os meses anteriores de Outono. Así por exemplo as chuvias superaron os 100 l/m<sup>2</sup> nas Rías Baixas e o número de días de chuvia achegouse á normalidade, pero a presenza das altas presións fixo que as fronte perdesen moita actividade antes de tocar terra en Galicia.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m<sup>2</sup>).

### CIS FERROL

	DECEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	10.4	11.5	13.7 (1989)	9.0 (1975)
T <sup>a</sup> mínima media	6.8	8.9	11.3 (1989)	6.0 (1975)
T <sup>a</sup> minima absoluta	0.9 (día 17)	0.6 (25/12/2001)		
T <sup>a</sup> máxima media	14.9	14.1	16.1 (1989)	12.0 (1975)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	18.4 (día 4)	25.6 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	56	115-133	400 (1978)	21 (1988)

#### Comentario:

*Mes moi frío debido as temperaturas medias e mínimas moito máis baixas do normal. As máximas en cambio fóron bastante superiores ao agardado.  
 Respecto á chuvia o mes pode considerarse moi seco*



## SANTIAGO

	DECEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	8.0	9.8	12.2 (1989)	7.8 (1990;01)
T <sup>a</sup> mínima media	4.5	6.3	9.6 (1989)	3.3 (2001)
T <sup>a</sup> minima absoluta	-1.1 (día 18)	-3.0 (25/12/2001)		
T <sup>a</sup> máxima media	12.6	13.2	14.8 (1989)	11.8 (1982)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	16.0 (día 4)	24.0 (20/12/1985)		
Precipitación acumulada	66	185-283	782 (2000)	15 (1988)

### Comentario:

*Mes moi frío especialmente debido as temperaturas medias e mínimas moito máis baixas do normal.*

*Respecto á chuvia o mes pode considerarse moi seco*

## LUGO

	DECEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	4.9	6.9	10.1 (1989)	1.9 (2001)
T <sup>a</sup> mínima media	0.7	3.6	7.4 (1989)	-2.8 (2001)
T <sup>a</sup> minima absoluta	-7.2 (día 17)	-8.0 (23/12/1975)		
T <sup>a</sup> máxima media	10.7	10.2	13.0 (1977)	7.1 (1980)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	14.4 (día 3)	22 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	33	112-132	510 (1978)	15 (2001)

### Comentario:

*Mes moi frío debido as temperaturas medias e mínimas, moito máis baixas do normal. As máximas en cambio fóron superiores ao agardado, polo que o mes pode considerarse cálido en canto as máximas.*

*Respecto á chuvia o mes pode considerarse moi seco*



### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	DECEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.1	10.1	13.5 (1989)	7.9 (1975;2001)
Tª mínima media	4.5	5.9	10.4 (1989)	2.6 (2001)
Tª mínima absoluta	-	-5.7 (25/12/1994)		
Tª máxima media	15.3	14.3	16.6 (1989)	12.4 (1973)
Tª máxima absoluta	18.6 (día 21)	25.5 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	83	194-269	881 (1978)	24 (1988)

Comentario:

*Mes frío debido as temperaturas medias e mínimas, moito máis baixas do normal. As máximas en cambio fóron superiores ao agardado, polo que o mes pode considerarse cálido en canto as máximas.*

*Respecto á chuvia o mes pode considerarse moi seco*

*Nota: as temperaturas mínimas do periodo 13-18 fóron inferidas dende estacións veciñas polo que non se amosa a mínima absoluta, acadada dentro dese periodo*

### OURENSE

	DECEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	6.5	8.5	11.9 (1989)	4.8 (2001)
Tª mínima media	2.9	4.3	8.7 (1981)	-1.8 (2001)
Tª mínima absoluta	-4.4 (día 17)	-8.6 (25/12/2001)		
Tª máxima media	11.7	12.7	15.3 (1989)	9.1 (1980)
Tª máxima absoluta	16.6 (día 7)	22.4 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	31	85-111	405 (1978)	5 (1988)

Comentario:


*Mes moi frío especialmente debido as temperaturas medias e mínimas moito máis baixas do normal.*

*Respecto á chuvia o mes pode considerarse moi seco*



### 3.- Mapas


#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie






### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.  
Mes Decembro 2007**





### 3.3.- Temperatura media das máximas




T<sub>máx</sub> – 12/2007

[www.meteor Galicia.es](http://www.meteor Galicia.es)






### 3.4.- Temperatura media das mínimas





### 3.5.- Choiva acumulada (litros/m<sup>2</sup>)



Chuvia -- 12/2007

www.meteogalicia.es